


CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na casa)

5 – 6 de setembro do 2020

XXIII DO TEMPO ORDINARIO



NON MÁIS
VIOLENCIA
DE XÉNERO



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INJUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA
E CON RESPONSABILIDADE PERSOAL ANTE A COVID-19



1.- ENCONTRO EN FAMILIA

SAÚDO DE BENVIDA

🎵 *Amigos nas penas*

Celebrante:

Reunímonos para celebrar a fe en familia e na compañía de Xesús. Facémolo no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

O tema central da nosa celebración de hoxe é a responsabilidade que todos temos con respecto a nós mesmos e sobre todo a os outros.

Xesús nos mostra no evanxeo como temos que preocuparnos polos nosos irmáns e S. Paulo explícalle aos Romanos como o máis importante da lei é o amor.

Neste tempo de pandemia que estamos a vivir todos somos responsables de todos. Ninguén queda fora da nosa preocupación.

Para moita xente nestes días o coidado da saúde é algo persoal, que me incumbe a min mesmo e a ninguén máis. Que equivocados estamos. Calquera cousa que lle suceda a algún irmán noso implícanos a todos. Todos somos responsables de todos e mentres non teñamos isto claro non poderemos por solucións ao problema.

Atopémonos con Xesús nesta celebración e fagámonos responsables con El de todos os que compartimos unha mesma fe.

ACTO PENITENCIAL E COMPROMISOS

Celebrante: *Xesús esíxenos responsabilidade na nosa vida respecto dos nosos irmáns. Cando nos xuntamos dous ou máis El está no medio de nós, por iso agora queremos pedirlle perdón a El e aos irmáns pola nosa falta de responsabilidade:*

Monitor/a

➤ Pedimos perdón porque recoñecemos que non nos preocupamos da saúde dos nosos irmáns

PERDÓANOS SEÑOR

➤ Pedimos perdón porque nos deixamos levar pola comodidade e non temos en conta as normas de convivencia.

PERDÓANOS SEÑOR

➤ Pedimos perdón porque pensamos soamente en nós mesmos e non miramos polas necesidades e preocupacións dos que conviven connosco.

PERDÓANOS SEÑOR

Celebrante: *Deus todopoderoso teña piedade de nós e dos que teñen lugar no noso corazón e na nosa vida. A todos o Señor nos conceda o perdón e nos leve á vida eterna. Amén.*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Confiamos nas mans do Pai a nosa oración e pedimos ser parte da súa familia sentíndonos responsables dos nosos irmáns e irmás.*

(silenzo)

Deus santo, que nos redimiches e nos adoptaches coma fillos e fillas, mira con bondade a esta túa familia, á que tanto amas, e fai que cantos cremos na Palabra do teu Fillo, academos a liberdade e a paz que non ten remate. Por Xesucristo, que vive e reina por sempre eternamente. Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s)

Monitor/a: *O amor é a plenitude da lei, dinos S. Paulo. Pero o amor sen obras está morto. Teñamos presente sempre que mostramos o noso amor nos feitos de vida que teñamos con respecto aos nosos irmáns e dun xeito especial cos máis necesitados.*

Irmáns e irmás:

A ninguén lle debades nada, fóra de amarvos uns a outros, porque o que ama o próximo, ten cumprida a Lei. Porque o non adulterarás, non matarás, non roubarás, non cobizarás e todos os outros mandamentos, resúmense nestas palabras: amarás ao teu próximo como a ti mesmo. Quen ama o seu próximo non lle fai mal. Verdadeiramente, o amor é o pleno cumprimento da Lei.

Palabra do Señor

♪ **nº3 Unha xuntanza de amor**

SALMO

(en pé) Leccionario I A páx 249 Mt 18,15-20 EVANXEO
**PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO
SEGUNDO MATEO**

Daquela, díxolles Xesús aos seus discípulos:

- Se teu irmán peca contra ti, vai e repréndeo; pero ti só con el. Se te escoita, conquistaches o teu irmán. Se non te escoita, leva contigo un ou dous, para que por medio de dúas ou tres testemuñas quede resolto o asunto. Se non vos fai caso, dílo á comunidade; e se tampouco lle fai caso á comunidade, sexa para ti como un pagán ou un recador de impostos. Asegúrovos que o que atedes na terra será atado no ceo, e o que desatedes na terra será desatado no ceo.

Asegúrovos tamén que se dous de vós se poñen de acordo na terra para pedir calquera cousa, conseguiranlo do meu Pai celestial. Porque onde están dous ou tres reunidos no meu nome, alí no medio estou eu.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



(en pé)

PROFESIÓN DA FE

Celebrante: *Neste momento, deixádonos guiar pola luz da fe, deamos resposta do noso credo dicindo:*

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Monitor/a

Crede en Deus, no Deus que é Pai e Nai, que nos creou á súa imaxe e que nos ama, e que pon nas nosas mans facer xa na terra a súa comunidade de amor?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Crede en Xesús, que nos convida a ser vida para os demais, que nos alenta a camiñar sendo responsables uns dos outros?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Crede no Espírito Santo, que se fai realidade no noso corazón e que o enche de amor para que vivamos en comunidade como verdadeiros irmáns?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Crede na igrexa, comunidade dos fillos de Deus, que quere ser luz na escuridade, esperanza na tristura e ilusión de lograr un mundo mellor para todos sen exclusións?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *Movidos pola fe, hoxe queremos rezar polos homes e mulleres que non atopan respostas en tantas circunstancias da súa vida, e facémolo dicindo:*

Señor, escóitanos

Monitor/a

- ✓ Pola igrexa e os que a formamos, para que sempre sexamos responsables nas nosas obrigas, oremos
- ✓ Polas persoas que se senten abandonadas por todos: os refuxiados, os que malviven en países con conflitos bélicos, os que ninguén quere, oremos
- ✓ Polas persoas que teñen responsabilidades nos gobernos e nas institucións civís, para que axuden a construír un mundo mellor para todos, oremos
- ✓ Pola nosa comunidade de Os Cotos, para que saibamos amosar a presenza de Xesús no medio de nós no só con palabras senón con feitos, oremos
- ✓ Por nós, para que nestes tempos de pandemia, sexamos responsables e coherentes coa nosa fe dando exemplos para o coidado da nosa saúde e da de todos cos que tratamos, oremos

Celebrante: *Grazas Señor porque sabemos que sempre acolles as nosas preocupacións e desexos se chos pedimos con fe a Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén.*

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS NA FAMILIA

NOSO PAI

Celebrante: *Xesús fainos responsables dos nosos irmáns. Mostrémonos como fillos dun mesmo Pai rezando:*

NOSO PAI ...

SIGNO DA PAZ

Celebrante: *Só poderemos chegar á paz, se sabemos ser responsables todos, uns dos outros. Que na nosa vida sempre sexamos coherentes coas nosas obrigas de responsabilidade respecto dos demais e así fagamos a paz.*

NON COMULGAMOS PERO ESTAMOS EN COMUÑÓN

Celebrante: *Xesús nos acolle hoxe a todos e nos pregunta se de verdade somos os seus amigos e testemuñas.*

Ditosos nós que hoxe fomos chamados a dialogar con El e a comprometernos para facer realidade o seu Reino xa aquí.

 ***Na tardiña baixa da vida***

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Oremos:


Señor, coa túa Palabra e co pan da vida, nutres e dás vida a cantos cremos en Ti. Que estes dons nos sirvan de proveito, de xeito que nos contaxiemos do vivir do teu Fillo. Pedímoscho a Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén.

Xesús, á nosa beira, espera que deamos exemplo del nas palabras que non calan ante a falta de dignidade na que vive moita xente,

e, á nosa beira, espera que deamos exemplo del no feito de dar unha man para unha humanidade fraterna.

Que a celebración que agora rematamos nos dea azos para vivir dende a tolerancia e o respecto con quen pensa, vive e cree diferente.

Que teñamos un bo día, unha boa semana, e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén.



Fuxir da tolerancia é participar do racismo



“Se dous ou tres nos reunimos no nome de Xesús,
El faise presente no medio de nós”
Palabras de Xesús no evanxeo de hoxe.

